

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES  
**ORGANISMO: DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA**

|   |  |
|---|--|
| Capítulo:   |  |
| Epígrafe:   |  |
| <i>(para cubrir no Diario Oficial de Galicia)</i> |  |

**SUMARIO:**

*Orde do \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ pola que se convocan prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa, relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE) para o ano 2023 (código ED305F).*

**TEXTO:**

As diversas leis educativas veñen sinalando a importancia do dominio dunha segunda, ou mesmo, dunha terceira lingua estranxeira na educación como consecuencia do proceso de globalización que vivimos. A Unión Europea fixa o fomento do plurilingüismo como un obxectivo irrenunciable para a construción dun proxecto europeo.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante, Consellería) vén convocando, nos últimos anos, actividades formativas para o profesorado no estranxeiro, co obxecto de fomentar a actualización metodolóxica e a mellora do seu nivel de competencia en comunicación lingüística en linguas estranxeiras a través do contacto directo con persoas dos países de fala inglesa, francesa, alemá e portuguesa.

Esta Consellería, consciente da importancia da aprendizaxe destas linguas para os cidadáns e cidadás da nosa Comunidade Autónoma e da preocupación que, neste sentido, se manifesta desde todos os ámbitos sociais promove e convoca diversos plans e actuacións. Todas estas accións requiren para a súa implementación dun profesorado actualizado e cun nivel de competencia comunicativa óptimo. Do mesmo xeito, véñense levando a cabo diferentes

actividades formativas no marco do fomento das competencias profesionais docentes, como o Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE).

Este programa enmárcase dentro da **Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras Edulingüe 2030**, na súa liña de impacto **L.8. Accións para a mellora da competencia comunicativa: mobilidades e intercambios**, que incide directamente na mellora da competencia comunicativa do profesorado e favorece a internacionalización do sistema educativo.

Con este fin, ofértanse itinerarios formativos que revitalicen e potencien contidos e aspectos lingüísticos e promovan a actualización metodolóxica do profesorado participante.

Por todo o exposto, en virtude das competencias atribuídas polo artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO:

### **Artigo 1. *Obxecto***

O obxecto desta orde é a convocatoria de prazas para a realización de itinerarios formativos para a mellora da competencia lingüística e comunicativa e actualización metodolóxica en lingua estranxeira do profesorado.

Para a identificación desta convocatoria na sede electrónica da Xunta de Galicia, denomínase "Realización de actividades de formación do profesorado no estranxeiro", co código de procedemento ED305F.

### **Artigo 2. *Modalidade das prazas convocadas***

As modalidades en que se convocan prazas para o profesorado son as seguintes:

**1. MODALIDADE 1: INTEGRACIÓN.** Itinerario formativo en dúas fases.

a) FASE A (100 horas): programa de inmersión en inglés, francés ou portugués, consistente na integración na vida escolar, sen obrigas lectivas, en centros escolares de Canadá, Francia ou Portugal. O profesorado seleccionado integrarase en centros escolares e estará acompañado no horario lectivo do centro por un docente da súa mesma área ou materia durante catro semanas, no primeiro trimestre do curso 2023/24. No caso do profesorado de

formación profesional, o profesorado estará acompañado por un/unha docente dos mesmos módulos cando sexa posible ou por unha persoa docente dun módulo afín.

b) FASE B (25 horas): difusión da experiencia adquirida.

Nesta fase o profesorado deberá realizar:

1. Memoria de difusión na cal se deberá acreditar adecuadamente todo o plan desenvolvido segundo as orientacións do anexo VI.
2. Unha proposta didáctica como recurso educativo aberto segundo o modelo que a Consellería facilitará a tal fin.

Estes documentos, memoria e proposta didáctica, enviaranse de acordo co procedemento que se estableza por esta Consellería, antes do 31 de marzo de 2024 e a equivalencia en horas de formación desta fase será de 25 horas de formación.

**2. MODALIDADE 2: CURSO NO ESTRANXEIRO.** Itinerario formativo en dúas fases.

a) FASE A (50 horas): curso de formación de dúas semanas de duración nun país estranxeiro (Reino Unido, Francia, Portugal ou Alemaña), que se desenvolverán no mes de xullo de 2023.

b) FASE B (25 horas): Elaboración dunha proposta didáctica como recurso educativo aberto segundo o modelo que a Consellería facilitará a tal fin.

Esta proposta entregarase antes do 31 de decembro de 2023, de acordo co procedemento que se estableza por esta Consellería e a equivalencia en horas de formación desta fase será de 25 horas de formación.

3. Será necesario que a persoa participante acade unha avaliación positiva en cada unha das fases do itinerario formativo para poder realizar a fase seguinte e, de ser o caso, para obter a certificación.

### **Artigo 3. Certificación**

A Consellería expedirá as seguintes certificacións, segundo as modalidades:

1. **MODALIDADE 1: INTEGRACIÓN.** Rematadas as dúas fases, a Consellería emitirá dous certificados de formación do profesorado ás persoas participantes no programa: un certificado de 100 horas pola fase A e un certificado de 25 horas pola fase B. En ningún caso

se certificará a actividade de maneira parcial nin de xeito anticipado. Só recibirá a certificación de todas as partes o profesorado que remate todo o itinerario formativo, despois da entrega dos materiais elaborados na última fase, sempre e cando obteñan unha avaliación positiva nas dúas fases.

**2. MODALIDADE 2: CURSO NO ESTRANXEIRO.** Rematadas as dúas fases, a Consellería emitirá dous certificados de formación do profesorado ás persoas participantes no programa: un certificado de 50 horas pola fase A e un certificado de 25 horas pola fase B. En ningún caso se certificará a actividade de maneira parcial nin de xeito anticipado. Só recibirá a certificación de todas as partes o profesorado que remate todo o itinerario formativo, despois da entrega dos materiais elaborados na última fase, sempre e cando obteñan unha avaliación positiva nas dúas fases.

#### **Artigo 4. *Acreditación de nivel lingüístico***

O nivel lingüístico alegado para a participación na presente convocatoria deberá ser en todo caso o nivel máximo que a persoa solicitante teña acreditado no momento de presentación da solicitude. O incumprimento do establecido neste parágrafo poderá dar lugar, de acordo co previsto no artigo 74 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, á incursión en responsabilidades disciplinarias de acordo co vixente Regulamento do réxime disciplinario do persoal funcionario da administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **Artigo 5. *Actividades formativas, profesorado destinatario e requisitos***

1. As persoas solicitantes deben ser funcionarios/as de carreira ou funcionarios/as en prácticas dos corpos docentes detallados neste artigo que estean a impartir docencia en centros educativos públicos de ensinanzas non universitarias. No caso do funcionariado en prácticas, poderá participar nas actividades formativas sempre e cando estas se desenvolvan fóra do período efectivo de prácticas.

Cada docente realizará unha única solicitude con elección por orde de prioridade das actividades formativas nas que desexe participar e a adxudicación será a unha das actividades, segundo a orde de prioridade marcada, e non quedará como suplente no resto de actividades solicitadas. No caso de que non se lle adxudique ningunha actividade, pasará a estar na listaxe de suplentes para todas as actividades solicitadas. Se se lle ofrece unha

praza, ao producirse algunha renuncia, nalgunha das actividades solicitadas ten que aceptar esa praza ou renunciar a todas, sen posibilidade de optar a outra das actividades solicitadas en caso de que houberse unha renuncia posterior.

**2. MODALIDADE 1: INTEGRACIÓN**, poderá participar, segundo as actividades relacionadas no anexo IV, o seguinte profesorado:

**a) Actividade 1. Integración para profesorado de inglés en infantil e primaria.**

Profesorado especialista en inglés do corpo de mestres que estea a impartir a lingua estranxeira en educación infantil, educación primaria ou 1º e 2º de ESO.

**b) Actividade 2. Integración para profesorado de inglés de secundaria e formación profesional..**

Profesorado especialista en inglés do corpo de profesores ou catedráticos de ensino secundario que estea a impartir inglés en educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional ou EOI.

**c) Actividade 3. Integración inglés para profesorado CLIL de ESO e bacharelato.**

Profesorado de materias / módulos non lingüísticas impartidos en inglés (en diante, CLIL en inglés) dos corpos de profesores ou catedráticos de ensino secundario, que estea a participar nos programas de centros plurilingües e/ou seccións bilingües, que imparta docencia directa na aula en educación secundaria obrigatoria ou bacharelato e que teña acreditado un nivel B2 ou superior en lingua inglesa do MCERL. Do mesmo xeito, poderá participar o profesorado dos corpos de profesores ou catedráticos de ensino secundario, que imparta docencia directa na aula en educación secundaria obrigatoria ou bacharelato que teña acreditado un nivel B2 ou superior en lingua inglesa do MCERL, de acordo co anexo da ORDE do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería.

**d) Actividade 4. Integración inglés para profesorado CLIL de infantil e primaria.**

Profesorado CLIL en inglés do corpo de mestres que estea a participar nos programas de centros plurilingües e/ou seccións bilingües, que imparta docencia directa na aula en infantil,

primaria ou 1º e 2º da ESO e que teña acreditado un nivel B2 ou superior en lingua inglesa do MCERL. Do mesmo xeito, poderá participar o profesorado do corpo de mestres, que imparta docencia directa na aula en educación infantil, educación primaria ou 1º e 2º ESO que teña acreditado un nivel B2 ou superior en lingua inglesa do MCERL, de acordo co anexo da ORDE do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería.

**e) Actividade 5. Integración para profesorado de inglés en EOI.**

Profesorado especialista en inglés dos corpos de profesores ou catedráticos de escolas oficias de idiomas que imparta inglés nas escolas oficias de idiomas ou nas súas seccións.

**f) Actividade 6. Integración inglés para profesorado CLIL de FP e ensinanzas de réxime especial, agás EOI.**

Profesorado CLIL en inglés que imparte docencia directa na aula en formación profesional ou ensinanzas de réxime especial, agás nas EOI; que estea a participar nos programas de plurilingüismo e/ou seccións bilingües e que teña acreditado un nivel B2 ou superior en lingua inglesa do MCERL.

**g) Actividade 7. Integración en lingua portuguesa para profesorado especialista e CLIL de educación primaria, educación secundaria, FP e ensinanzas de réxime especial.**

Profesorado especialista en portugués, profesorado de lingua portuguesa e CLIL en portugués que imparta docencia directa na aula en educación primaria, educación secundaria, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial e que teña acreditado un nivel B2 ou superior en lingua portuguesa do MCERL. Do mesmo xeito, poderá participar o profesorado, que imparta docencia directa na aula, que teña acreditado un nivel B2 ou superior en lingua portuguesa do MCERL de acordo co anexo da ORDE do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería.

**h) Actividade 8. Integración en lingua francesa para profesorado especialista e CLIL de educación primaria, educación secundaria, FP e ensinanzas de réxime especial.**

Profesorado especialista de francés que imparta docencia en educación primaria, educación secundaria, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial, así como profesorado CLIL en francés que imparte docencia directa na aula en infantil, primaria, secundaria, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial e que teña acreditado un nivel B2 ou superior en francés do MCERL. Do mesmo xeito, poderá participar o profesorado, que imparta docencia directa na aula, que teña acreditado un nivel B2 ou superior en lingua francesa do MCERL de acordo co anexo da ORDE do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería.

**3. Na MODALIDADE 2, CURSO NO ESTRANXEIRO**, poderá participar, segundo as actividades relacionadas no anexo IV, o seguinte profesorado:

**b) Actividade 9. Inglés para profesorado especialista de primaria.**

Profesorado especialista en inglés do corpo de mestres que estea a impartir lingua inglesa en educación infantil, educación primaria ou 1º e 2º da ESO.

**c) Actividade 10. Inglés para profesorado especialista de secundaria, formación profesional e EOI.**

Profesorado especialista en inglés do corpo de profesores ou catedráticos de ensino secundario e profesorado ou catedráticos de EOI que estea a impartir inglés en educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional ou EOI.

**d) Actividade 11 . Inglés para profesorado CLIL de infantil e primaria.**

Profesorado CLIL en inglés do corpo de mestres que imparta docencia directa na aula en educación infantil ,educación primaria ou 1º e 2º ESO que teña acreditado un nivel B2 ou superior en lingua inglesa do MCERL. Do mesmo xeito, poderá participar outro profesorado do corpo de mestres, que imparta docencia directa na aula, que teña acreditado un nivel B2

ou superior en lingua inglesa do MCERL de acordo co anexo da ORDE do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería.

**e) Actividade 12. Inglés para profesorado CLIL de secundaria, formación profesional e ensinanza de réxime especial.**

Profesorado CLIL en inglés dos corpos de profesores ou catedráticos de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional ou ensinanza de réxime especial que imparte docencia directa na aula, en secundaria, formación profesional ou ensinanza de réxime especial, agás en EOI e que teña acreditado un nivel B2 ou superior en lingua inglesa do MCERL. Do mesmo xeito, poderá participar outro profesorado de secundaria, formación profesional e ensinanza de réxime especial, que imparta docencia directa na aula, que teña acreditado un nivel B2 ou superior en lingua inglesa do MCERL.

**f) Actividade 13. Francés para profesorado especialista e CLIL de educación primaria, educación secundaria, formación profesional e ensinanza de réxime especial.**

Profesorado especialista en francés e CLIL en francés que imparte docencia directa na aula en educación primaria, educación secundaria, formación profesional ou ensinanza de réxime especial e que teña acreditado un nivel B2 ou superior en lingua francesa do MCERL. Do mesmo xeito, poderá participar outro profesorado, que imparta docencia directa na aula, e que teña acreditado un nivel B2 ou superior en lingua francesa do MCERL de acordo co anexo da ORDE do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería.

**g) Actividade 14. Portugués para profesorado especialista e CLIL de educación primaria, educación secundaria, formación profesional e ensinanza de réxime especial.**

Profesorado especialista en portugués e CLIL en portugués que imparta docencia directa na aula en educación primaria, educación secundaria, formación profesional ou ensinanza de réxime especial e que teña acreditado un nivel B2 ou superior en lingua portuguesa do

MCERL. Do mesmo xeito, poderá participar outro profesorado, que imparta docencia directa na aula, que teña acreditado un nivel B2 ou superior en lingua portuguesa do MCERL de acordo co anexo da ORDE do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería.

**h) Actividade 15. Alemán para profesorado especialista e CLIL de educación primaria, educación secundaria, formación profesional e ensinanzas de réxime especial.**

Profesorado especialista de alemán e CLIL en alemán que imparta docencia directa na aula en educación primaria, educación secundaria, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial e que teña acreditado un nivel B2 ou superior en lingua alemá do MCERL. Do mesmo xeito, poderá participar outro profesorado, que imparta docencia directa na aula, que teña acreditado un nivel B2 ou superior en lingua alemá do MCERL, de acordo co anexo da ORDE do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería.

4. Todo o profesorado deberá asinar o anexo V, co visto e praxe da dirección do centro educativo, comprometéndose a promover a creación ou o mantemento do programa de centros plurilingües ou seccións bilingües no seu centro de destino, a impartir a súa materia na lingua correspondente. agás o profesorado que imparte docencia nas EOI.

**Artigo 6. Aceptación das bases**

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases da presente convocatoria.

**Artigo 7. Criterios de selección**

1. Para a adxudicación das prazas ofertadas nas diferentes actividades formativas, terá preferencia o profesorado que cumpra as seguintes condicións de acordo co establecido a continuación:

1. Para as actividades 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 terá prioridade o profesorado que non realizase nas convocatorias do PIALE 2022, 2019, 2018, 2017, 2016 calquera das actividades de integración en Canadá, Portugal ou Francia.

2. Para as actividades 1, 2, 9, 10.

1º Non ter realizado o programa PIALE 2022.

2º Impartir a lingua obxecto de estudo.

3º Ter maior puntuación no baremo.

4º Outro profesorado de acordo coa maior puntuación no baremo.

2. Para as actividades 3, 4, 6, 11, 12.

1º Non ter realizado o programa PIALE 2022.

2º Non ser especialista na lingua obxecto de estudo.

3º Ser docente CLIL na lingua obxecto de estudo.

4º Maior puntuación do baremo.

5º Outro profesorado de acordo coa maior puntuación no baremo.

3. Para as actividades 7, 8, 13, 14, 15.

1º Non ter realizado o programa PIALE 2022.

2º Impartir a lingua obxecto de estudo ou ser docente CLIL na lingua obxecto de estudo.

3º Ter nivel B2 ou superior do MCERL na lingua obxecto de estudo.

4º Maior puntuación do baremo.

5º Outro profesorado de acordo coa maior puntuación no baremo.

4. Para a actividade 5:

1º Non ter realizado o programa PIALE 2022.

2º Pertencer ao corpo de profesores ou catedráticos de escolas oficiais de idiomas.

3º Maior puntuación do baremo.

### **Artigo 8. *Incompatibilidades***

A adxudicación con carácter definitivo dunha das actividades é incompatible coa concesión, de ser o caso, de licenzas por formación para o curso 2023/24 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

### **Artigo 9. *Organización das actividades***

1. A organización das actividades correspóndelle á Consellería, quen poderá concertar os servizos necesarios para o seu desenvolvemento.
2. O financiamento dos gastos descritos realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 10.06.423B.640.2, dos orzamentos da Consellería para o ano 2023.
3. O importe total do programa ascende a 1.200.000 euros.
4. Esta convocatoria tramítase ao abeiro do artigo 25º.1 a) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Artigo 10. *Solicitud de participación e prazo de presentación***

1. As solicitudes presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>)

2. O prazo para a presentación de solicitudes será desde o xx de xxxx de 2023 ata o día xx do mes de xxxx de 2023, ambos os dous incluídos.

3. O modelo de solicitude (Anexo I) inclúe unha declaración responsable pola que a persoa solicitante declara que o nivel de coñecemento de linguas estranxeiras do MCERL alegado na solicitude é o nivel máximo que ten acreditado á data de presentación da solicitude, de acordo co establecido na Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta Consellería (DOG 26/04/2011) modificada pola Orde do 21 de xuño de 2016 (DOG 07/07/2016).

#### **Artigo 11. Documentación complementaria**

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Anexo III, modelo de folla de autobarefacción cuberta nos apartados que correspondan, no que se relacionen os méritos alegados na mesma orde que aparecen expostos no anexo II.

b) Acreditación dos méritos académicos, profesionais ou de calquera índole que aleguen, que non estean recollidos no seu expediente de datos persoais. Estes serán xustificados mediante os documentos que se especifican no baremo que se inclúe no anexo II. Non serán tidos en conta nin valorados os méritos alegados e non xustificados debidamente, nin os que se aleguen fóra do prazo ao que se refire o artigo 9 desta convocatoria.

c) Certificado, expedido pola secretaría do centro, co visto e praxe da persoa directora, no que conste a área, materia ou módulo que imparte a persoa solicitante durante o curso académico 2022/23. No caso de que a persoa solicitante sexa coordinadora de centros plurilingües ou do programa de seccións bilingües ou profesorado CLIL, tamén deberá constar esta circunstancia no certificado.

d) Acreditación do nivel lingüístico segundo o MCERL, na/s lingua/s correspondente/s da/s actividade/es solicitada/s, agás para aquelas persoas que xa teñan recollida esta información no seu expediente de datos persoais.

e) Anexo V, compromiso de promoción de sección bilingüe e /ou programas de centros plurilingües, debidamente cuberto, agás o profesorado que imparta docencia nas EOI.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se presentase de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### **Artigo 12. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes***

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### **Artigo 13. *Comprobación de datos***

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Títulos oficiais universitarios.
- d) Títulos oficiais non universitarios.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos. Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### **Artigo 14. Notificacións**

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Artigo 15. Procedemento para a adxudicación das prazas**

1. A selección das persoas candidatas será realizada por unha comisión integrada polos seguintes membros:

- a) Presidencia: a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.
- b) Vogais: ata un máximo de catro vogais, con categoría de subdirector ou subdirectora xeral, xefe ou xefa de servizo ou membros da Inspección Educativa.
- c) Unha persoa funcionaria da Consellería, que actuará como secretaria, con voz e sen voto.
- d) Os sindicatos integrantes da mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear unha persoa representante para asistir ás sesións da comisión.

A comisión poderá solicitar a incorporación de persoas asesoras especialistas, limitándose as devanditas persoas a prestaren a súa colaboración.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos méritos previstos nos puntos 1 e 2 do baremo do anexo II. Ás reunións desta subcomisión poderán asistir representantes das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de persoal docente. Esta comisión rexerase polo previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

2. A comisión seleccionadora realizará unha preselección segundo os criterios de selección establecidos no artigo 6. En caso de empate entre as persoas solicitantes, este dirimirase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación no punto 1 do baremo.
- b) Maior puntuación no punto 2.2 do baremo.
- c) Maior antigüidade no corpo.

d) De persistir o empate, aplicarase como criterio o resultado do sorteo previsto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Finalizada a preselección, a comisión fará pública a resolución provisional, que se difundirá no portal educativo da Consellería na seguinte ligazón: [www.edu.xunta.es/piale](http://www.edu.xunta.es/piale).

Ao día seguinte desta publicación abrirase un prazo de cinco días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias á concesión das actividades perante a persoa que exerza a presidencia da comisión. A renuncia á adxudicación dunha actividade, considérase renuncia a todas as actividades que a persoa interesada marcara na súa solicitude.

Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, de ser o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e renuncias, a comisión seleccionadora elevaralle a proposta definitiva á persoa titular da Consellería, que resolverá a relación final das persoas seleccionadas e das persoas suplentes ordenadas segundo os criterios de selección.

A resolución definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia e exporase no portal educativo da Consellería na seguinte ligazón: [www.edu.xunta.es/piale](http://www.edu.xunta.es/piale).

No caso de renuncias das persoas seleccionadas, as prazas vacantes seranlles ofertadas ás persoas suplentes por chamamento directo, de acordo coa relación publicada.

4. As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de cinco meses, desde a data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

5. Contra a resolución definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

6. No caso de non cubrirse o número de prazas nalgunha das actividades, por proposta motivada pola comisión de selección, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución das prazas entre outras actividades.

#### **Artigo 16. *Renuncias, abandono e retirada de documentación***

1. Unha vez resolta esta convocatoria, so se admitirá o abandono ou a renuncia á actividade concedida en casos de excepcional gravidade debidamente xustificada e libremente apreciada pola persoa que exerza a presidencia da comisión de selección.

2. Nos seguintes casos, a persoa interesada non poderá participar nas cinco próximas convocatorias de prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa, relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE):

a) Renuncia ou abandono dalgunha das fases do itinerario formativo sen causa xustificada e aceptada pola persoa que exerza a presidencia da comisión de selección.

b) Avaliación negativa, de acordo co establecido no artigo 2, da fase B das modalidades 1 ou 2.

3. Transcorridos tres meses desde a data de publicación da resolución definitiva no Diario Oficial de Galicia, as persoas interesadas, ou os seus representantes legais, disporán dun prazo de seis meses para poder retirar a documentación ante a persoa que preside a comisión. Transcorrido o dito prazo, entenderase que renuncian á súa devolución.

#### **Artigo 17. Comunicación**

Toda a información con respecto á organización e ao desenvolvemento dos cursos, viaxes ao lugar de celebración e reunións informativas será anunciada no enderezo web <http://www.edu.xunta.gal/piale>. Os requirimentos relativos á emenda de documentación realizaranse, de ser o caso, mediante o correo electrónico corporativo [formaes@edu.xunta.gal](mailto:formaes@edu.xunta.gal).

#### **Artigo 18. Condicións económicas**

Para as actividades ofertadas a Consellería encargárase, a través das empresas adjudicatarias, do desprazamento (agás os traslados ata o punto de saída e chegada), a docencia, actividades culturais, manutención e aloxamento. A Consellería, a través das empresas adjudicatarias determinará o medio de desprazamento, así como o tipo de aloxamento e manutención. E comunicárase ao profesorado seleccionado por ditas empresas, unha vez resolta a adjudicación.

#### **Artigo 19. Retribucións**

Durante o tempo de duración das actividades de formación o profesorado seleccionado recibirá os emolumentos correspondentes ás súas retribucións básicas e complementarias.

**Disposición derradeira primeira. Recursos**

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**Disposición derradeira segunda. Competencias**

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar todas as actuacións e medidas que sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do previsto nesta orde.

**Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor***

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

INSÍRASE NO DOG

ANEXO II

(NON ESCRIBIR NO DORSO)  
A4 (210x297) UNE  
MD85LEX123

Baremo

| MÉRITOS   | Puntos por curso ou actividade              | Total puntos máximo | DOCUMENTOS                         |
|---|---|---------------------|------------------------------------|
| 1. Méritos docentes.<br>- Por cada ano de servizo como funcionario ou funcionaria.  | 0,5 punto por ano completo.                 | 3 puntos            | Copia certificacións acreditativas |
| 2. Outros méritos   |   |                     |                                    |
| 2.1. Docencia en actividades de formación do profesorado, organizadas, homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas.   | 0,1 puntos por cada 10 horas de formación.  | 1,5 puntos          | Copia certificacións acreditativas |
| 2.2. Asistencia e/ou coordinación de actividades de formación do profesorado relacionadas con linguas estranxeiras, organizadas, homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas.   | 0,05 puntos por cada 10 horas de formación  | 3 puntos            | Copia certificacións acreditativas |
| 2.3. Asistencia e/ou coordinación de actividades de formación do profesorado, organizadas, homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas.   | 0,05 puntos por cada 10 horas de formación. | 1,5 puntos          | Copia certificacións acreditativas |
| 2.4. Participación en proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo da educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria, e participación no plan experimental de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria establecidos pola Consellería. Participación no Programa de Seccións Europeas, Seccións Bilingües ou nos programas de plurilingüismo da Consellería. Coordinador/a do programa de auxiliares de conversa. | 0,25 puntos por certificado.                | 4 puntos            | Copia certificacións acreditativas |

(NON ESCRIBIR NO DORSO)

A4 (210x297) UNE

MD85LEX123

| MÉRITOS  | Puntos por curso ou actividade | Total puntos máximo | DOCUMENTOS                         |
|--|--------------------------------|---------------------|------------------------------------|
| 2.5. Participación no programa de Inmersión Lingüística con alumnado de 6º de educación primaria e/ou 2º ESO, Ministerio de Educación. Participación na actividade English Week, acompañando o alumnado. Participación no programa EduExchanges, acompañando o alumnado. | 0,25 puntos por actividade.    | 2 puntos            | Copia certificacións acreditativas |
| 2.6. Non ter realizad estadías no estranxeiro nos programa PALE ou PIALE nos últimos 10 anos   |                                | 10 puntos           |                                    |

ANEXO III

MODELO DE FOLLA DE AUTOBAREMACIÓN

(Relacionar e numerar na mesma orde que aparece no anexo II. As copias de certificacións acreditativas presentaranse na mesma orde)

| MÉRITOS | Puntos por curso ou actividade | Total puntos máximo | DOCUMENTOS |
|---------|--------------------------------|---------------------|------------|
| 1.      |                                |                     |            |
| 2.1.    |                                |                     |            |
| 2.2.    |                                |                     |            |

(NON ESCRIBIR NO DORSO)

A4 (210x297) UNE

MD85LEX123

| MÉRITOS | Puntos por curso ou actividade | Total puntos máximo | DOCUMENTOS |
|---------|--------------------------------|---------------------|------------|
|         |                                |                     |            |
| 2.3.    |                                |                     |            |
| 2.4.    |                                |                     |            |
| 2.5.    |                                |                     |            |
| 2.6.    |                                |                     |            |

ANEXO IV. Relación de actividades

| Actividade   | Prazas | Fases                                      | Duración  | Lugar    | Temporalización              |
|--|--------|--|-----------|----------|------------------------------|
| <b>Modalidade 1</b>  |        |  |           |          |                              |
| 1. Integración para profesorado de inglés en infantil e primaria   | 15     | A) Inmersión                               | 4 semanas | Canadá   | 1º trimestre curso 2023/24   |
|  |        | B) Difusión: memoria e proposta didáctica  |           |          | Antes do 31 de marzo de 2024 |
| 2. Integración para profesorado de inglés de secundaria e formación profesional  | 15     | A) Inmersión                               | 4 semanas | Canadá   | 1º trimestre curso 2023/24   |
|  |        | B) Difusión: memoria e proposta didáctica  |           |          | Antes do 31 de marzo de 2024 |
| 3. Integración inglés para profesorado CLIL de ESO e bacharelato   | 25     | A) Inmersión                               | 4 semanas | Canadá   | 1º trimestre curso 2023/24   |
|  |        | B) Difusión: memoria e proposta didáctica  |           |          | Antes do 31 de marzo de 2024 |
| 4. Integración inglés para profesorado CLIL de infantil e primaria   | 25     | A) Inmersión                               | 4 semanas | Canadá   | 1º trimestre curso 2023/24   |
|  |        | B) Difusión:memoria e proposta didáctica   |           |          | Antes do 31 de marzo de 2024 |
| 5. Integración para profesorado de inglés en EOI   | 5      | A) Inmersión                               | 4 semanas | Canadá   | 1º trimestre curso 2023/24   |
|  |        | B) Difusión: memoria e proposta didáctica  |           |          | Antes do 31 de marzo de 2024 |
| 6. Integración inglés para profesorado CLIL de FP e ensinanzas de réxime especial, agás EOI  | 5      | A) Inmersión                               | 4 semanas | Canadá   | 1º trimestre curso 2023/24   |
|  |        | B) Difusión: memoria e proposta didáctica. |           |          | Antes do 31 de marzo de 2024 |
| 7. Integración en lingua portuguesa para profesorado especialista e CLIL de primaria, secundaria, formación profesional e ensinanzas de réxime especial          | 20     | A) Inmersión                               | 4 semanas | Portugal | 1º trimestre curso 2023/24   |
|  |        | B) Difusión:memoria e proposta didáctica.  |           |          | Antes do 31 de marzo de 2024 |
| 8. Integración en lingua francesa para profesorado especialista de francés e CLIL de primaria, secundaria, formación profesional e ensinanzas de réxime especial | 20     | A) Inmersión                               | 4 semanas | Francia  | 1º trimestre curso 2023/24   |
|  |        | B) Difusión :memoria e proposta didáctica. |           |          | Antes do 31 de marzo de 2024 |
| <b>Modalidade 2</b>  |        |  |           |          |                              |

| Actividade  | Prazas | Fases                             | Duración  | Lugar               | Temporalización                 |
|---|--------|-----------------------------------|-----------|---------------------|---------------------------------|
| 9. Inglés para profesorado especialista de primaria   | 30     | A) Fase formación                 | 2 semanas | Reino Unido         | Xullo/Agosto 2023               |
|   |        | B) Elaboración proposta didáctica |           |                     | Antes de 31 de decembro de 2023 |
| 10. Inglés para profesorado especialista de secundaria, formación profesional e EOI   | 30     | A) Fase formación                 | 2 semanas | Reino Unido         | Xullo/Agosto 2023               |
|   |        | B) Elaboración proposta didáctica |           |                     | Antes de 31 de decembro de 2023 |
| 11. Inglés para profesorado CLIL de infantil e primaria   | 40     | A) Fase formación                 | 2 semanas | Reino Unido         | Xullo/Agosto 2023               |
|   |        | B) Elaboración proposta didáctica |           |                     | Antes de 31 de decembro de 2023 |
| 12. Inglés para profesorado CLIL de secundaria, formación profesional e ensinanzas de réxime especial                             | 25     | A) Fase formación                 | 2 semanas | Reino Unido/Irlanda | Xullo/Agosto 2023               |
|   |        | B) Elaboración proposta didáctica |           |                     | Antes de 31 de decembro de 2023 |
| 13. Francés para profesorado especialista e CLIL de primaria, secundaria, formación profesional e ensinanzas de réxime especial   | 15     | A) Fase formación                 | 2 semanas | Francia             | Xullo/Agosto 2023               |
|   |        | B) Elaboración proposta didáctica |           |                     | Antes de 31 de decembro de 2023 |
| 14. Portugués para profesorado especialista e CLIL de primaria, secundaria, formación profesional e ensinanzas de réxime especial | 15     | A) Fase formación                 | 2 semanas | Portugal            | Xullo/Agosto 2023               |
|   |        | B) Elaboración proposta didáctica |           |                     | Antes de 31 de decembro de 2023 |
| 15. Alemán para profesorado especialista e CLIL de primaria, secundaria, formación profesional e ensinanzas de réxime especial    | 5      | A) Fase formación                 | 2 semanas | Alemaña             | Xullo/Agosto 2023               |
|   |        | B) Elaboración proposta didáctica |           |                     | Antes de 31 de decembro de 2023 |

## ANEXO VI

### Indicacións para a elaboración da memoria de difusión e da proposta didáctica (Modalidade 1)

#### MEMORIA DA DIFUSIÓN

##### Estrutura

#### 1. Obxectivos e contidos da difusión

Cada persoa debe indicar cales foron os obxectivos e contidos da difusión da experiencia. Os contidos deberían contemplar cando menos:

- Aspectos destacables e transferibles da organización do sistema educativo canadense/francés/portugués.
- Aspectos destacables e transferibles da organización dos centros canadenses/franceses/portugueses.
- Aspectos metodolóxicos transferibles e destacables.
- Outros.

#### 2. Lugares ou formatos da difusión

Cando menos debe contemplarse o centro educativo de destino de cada persoa participante. Deberá indicarse se se trata dunha información que se facilitou de xeito colectivo para o profesorado ou individualizada segundo as súas experiencias e intereses, se se facilitou algunha información ao alumnado, ás familias... As modalidades de organización e transferencia desta información deben indicarse no seguinte apartado (o apartado 3).

Do mesmo xeito, débese indicar se se fixo algunha difusión da experiencia a través dos medios de comunicación local para dar a coñecer a experiencia do profesor/a e por conseguinte do centro, neste tipo de actividade.

Debe figurar igualmente calquera outro mecanismo de difusión que se empregase, noutros centros educativos do concello/comarca/provincia, a través dos centros de formación do profesorado ou calquera outro que as persoas participantes considerasen adecuado para esta difusión.

#### 3. Procedementos da difusión

Deben indicarse os procedementos concretos cos que se difundiu a actividade: charlas/presentacións (tipo, duración, espazo de celebración, destinatarios, con que apoios visuais ou en papel...), información na páxina web do centro (características específicas), medios de comunicación (tipo de información, en que medios...), noutros centros ou no centro de formación do profesorado.

#### 4. Programación e temporalización da difusión

Deben figurar as datas e lugares (de ser espazos físicos) nos que se desenvolveron as

5. Repercusión da difusión

Unha valoración, cuantificable na medida do posible, da repercusión desta difusión (número do alumnado do centro, número de profesorado... que foron destinatarios da difusión).